



Código do documento	Código do expediente
USG13I00Z3	USG/2019/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
481L 5W3X 5C1T 1Z2G 0Q3G	

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 11 DE SETEMBRO DE 2019.

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as trece horas e trinta e tres minutos do día once de setembro de dous mil dezanove, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Político PSdeG-PSOE:

D^a. MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL
D. DIEGO ANTONIO TAIBO MONELOS
D^a. MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D^a. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA
D^a. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ
D. CARLOS LIÑARES GESTAL
D^a. SUSANA AMOR FERNÁNDEZ

C.I.F. P-1503100-H

Polo Grupo Político Popular:

D^a. IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU
D. ALFONSO RICO VERA
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO
D^a. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA
D. GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA

Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:

D^a. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA
D^a. SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Non asiste á sesión o Sr. concelleiro don Juan Carlos Iglesias Lovelle.

Asiste á sesión o Interventor municipal accidental, don Roberto Babío Fernández, e dá fe do acto a Secretaria xeral da Corporación, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e



Código do documento	Código do expediente
USG13I00Z3	USG/2019/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
481L 5W3X 5C1T 1Z2G 0Q3G	

Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 26 DE XULLO DE 2019.

Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP N° 162, 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación a acta da sesión ordinaria celebrada en data 26 de xullo de 2019, da que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a acta da sesión ordinaria celebrada en data 26 de xullo de 2019, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a acta da sesión ordinaria celebrada en data 26 de xullo de 2019.

2.- PROPOSTA RELATIVA Á PARTICIPACIÓN NA 2ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) ADICIONAL 1/2019.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 2 de setembro de 2019, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de Urbanismo, Medio Ambiente, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá e Persoal na sesión extraordinaria de data 5 de setembro de 2019, que transcrita di:

“O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o vinte e seis de abril de dous mil dezanove, acordou aprobar o plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS POS+ 2019), condicionado á entrada en vigor do Expediente de modificación de créditos. Aprobado o expediente de modificación de créditos ao concello lle corresponde unha maior achega de 790.809,33€, dos que 308.083,94 € aplicáronse na fase 1 do Plan adicional, restando 482.725,39 € para esta segunda fase do plan.

En base a todo o cal, propónse ao Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostíbeis que se indican a continuación, e aprobar os proxectos das obras de “Parque infantil na área de lecer da Corveira”, e de “Renovación do parque infantil de Peiro-Concello de Culleredo”, este último xa aprobado mediante Resolución de 09/08/19 do concelleiro delegado de medio ambiente, obras e servizos:

Investimentos financeiramente sostíbeis 2ª Fase POS+ Adicional 1/2019	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Renovación do parque infantil de Peiro-Concello de Culleredo	54.471,61 €	0,00 €	54.471,61 €
Parque infantil na área de lecer da Corveira	428.253,78 €	18.558,33 €	446.812,11 €
TOTAL	482.725,39 €	18.558,33 €	501.283,72 €



Código do documento	Código do expediente
USG13I00Z3	USG/2019/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
481L 5W3X 5C1T 1Z2G 0Q3G	

Maior achega provincial asignada ao concello	790.809,33 €
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	308.083,94 €
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	482.725,39 €

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostíbles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

C.I.F. P-1503100-H

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que traen ao Pleno para a súa deliberación, e aprobación se procede, este punto relativo á participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019 da Deputación Provincial da Coruña; que hai uns prazos e este é o motivo de facer este Pleno extraordinario porque nun ou dous días ten que estar toda a documentación na Deputación; que concretamente trátase de dous proxectos: a renovación do parque infantil de Peiro, por importe de 54.471,61 euros, e un parque infantil na área de lecer da Corveira por importe de 446.812,11 euros dos cales 428.253,78 euros estarían financiados pola Deputación; que en relación ao primeiro proxecto, a renovación do parque infantil de Peiro, di que conta coa preceptiva proposta da área de Medio Ambiente e Servizos e un informe favorable económico xa que ten que cumprir o requisito de ser financeiramente sostíble, contando tamén con informes favorables de AESA, dos servizos xurídicos e dos servizos técnicos; que todas as exigencias técnicas forman parte dun proceso de contratación que require da redacción dunha memoria e o seu correspondente proxecto e retención de crédito, rematando cun informe-proposta que urxe por mor dos prazos de presentación na Deputación.

Continúa a súa intervención e di que con respecto ao segundo proxecto, por maior cuantía, trátase dun parque infantil na área de lecer da Corveira, un parque infantil singular, que vai colocar a Culleredo no mapa, e que conta tamén cun informe económico favorable que acredita que é financeiramente sostíble e informe favorable do xefe de servizo de medio ambiente, obras e servizos, contando asimesmo cos informes sectoriais pertinentes; que conta tamén cun informe urbanístico, que é preceptivo, no que se informa que tecnicamente o proxecto é viable pero o xefe de servizo de Urbanismo amosa unha dúbida xa que o parque infantil preténdese instalar no ámbito do Plan Parcial de Cordeda (1ª Fase) e este Plan Parcial ten unha normativa polo que se pediu un informe á Asesoría xurídica municipal que, unha vez analizada toda a normativa que afecta ao Plan Parcial de Cordeda, determina a posibilidade de instalar este parque dados os seus volúmenes edificatorios de altura e demais parámetros; que unha vez que estes expedientes estean completos, deberán presentarse na Deputación provincial da Coruña onde terán que pasar os correspondentes filtros procedimentais dos servizos de asistencia técnica a municipios que o devolverían se houbera calquera cuestión que modificar polo que solicita o apoio para a súa aprobación.



Código do documento	Código do expediente
USG13100Z3	USG/2019/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
481L 5W3X 5C1T 1Z2G 0Q3G	

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que calquera grupo político se alegra ao ver que se fan obras no Concello pero neste caso, á vista da proposta, vese que unha das obras supón unha cantidade importante, cerca de medio millón de euros, e os informes tanto urbanístico como da Secretaría municipal non deixan ningunha dúbida; que o voceiro do equipo de goberno fala do informe favorable da Asesoría xurídica municipal pero ela pensa que sobre os informes de Asesoría habería moito que falar pois en calquera dos dous se pode deducir que os expedientes se miraron rápido e non poden asegurar nada, determinando que no que eles viron, e sen que haxa outra xustificación, podería ser que todo estivese ben, pero que nin lles deu tempo nin o miraron nin o poden ver, pensando a Sra. Ferreiro Varela que é bastante patético considerar isto un informe; que pola contra, se se analiza o informe da Secretaría municipal, que entende a Sra. Ferreiro que xuridicamente debe entender algo, vese que apoia o informe do Arquitecto municipal que di que a obra non se podería facer sen un cambio na cualificación do terreo; que a maiores, independentemente de ver se este parque necesita vixilancia ou non porque a priori parece que puidera supoñer algún risco e outras cuestións, ela supón que a obra require dun proxecto que xa estará pagado e pregunta o importe a que ascendeu ese proxecto que serán cartos tirados se agora a obra non se pode facer; que resulta tamén curiosa a referencia que se fai a quen fixo ese proxecto, como está contratado, etc, e que non sabe cando o voceiro socialista falou do xefe de servizo de medio ambiente a quen se refería.

Continúa a súa intervención e di que ao seu grupo lle encantaría apoiar as obras e que estos cartos foran empregados da mellor forma posible pero considera que contando con dous informes en contra, o da Secretaría municipal e o do Arquitecto municipal, deben votar en contra desta proposta.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que rogaría a todos moita atención no debate sobre este tema porque o equipo de goberno presenta unha proposta para acollerse ao Plan de financiamento de colaboración cos concellos da Deputación da Coruña na que unicamente van dúas obras, unha delas por importe de 54.000 euros e outra por importe de 446.000 euros, unha en Peiro, na parroquia de Celas, e outra na Corveira, na parroquia da Rutis, sendo evidente a asimetría pois quedan nove parroquias sen ningún investimento que se acolla a este Plan que conta cunha cuantía importante, medio millón de euros, sen que o Concello conte con moito financiamento de colaboración deste importe, preguntando que pasa con Almeiras, co Burgo, con Castelo, con Culleredo, con Ledoño, con Orro, con Sésamo, con Sueiro ou con Veiga, para que non haxa ningún proxecto que propoñer alí con tantas carencias que os veciños transmiten a todos os grupos; que concretamente a parroquia de Rutis é a máis grande de Culleredo e pregunta se non habería necesidade alí de levar a cabo outros proxectos; que eles teñen ben de propostas veciñais tanto para a parroquia de Rutis como para todas as outras e supón que eles tamén terán; que o grupo político do BNG sempre insistiu na participación nos orzamentos e o equipo de goberno pareceu que o acollera con gran alegría, elevando a participación do 15% ata o 25%, contando con propostas veciñais que non se entende por que non están colgadas na páxina web para que se poidan consultar porque así xa non sería o que di o Bloque, ou Alternativa ou o PP senón que sería o que están reclamando constantemente os veciños, necesidades que quedan sen cubrir para dedicar 446.000 euros a un parque; que eles non están por suposto en contra da renovación do parque infantil de Peiro pero co que non están de acordo é con dedicar o 90% deste presuposto a un só proxecto cando parece que non é prioritario nin aceptado pola veciñanza.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que á vista dos informes municipais poderíanse ir comentando múltiples cuestións xa sen acudir aos desfavorables, o informe favorable da Asesoría xurídica cita un extracto do informe do arquitecto municipal incidindo na conveniencia de manter o arborado que hai nesa zona verde da Corveira, lembrando o Sr. Chouciño que nos últimos anos cortáronse alí árbores e non se repuxeron, parecendo que se estaba preparando xa este proxecto; que lle chamou tamén a atención outra cuestión referida nun dos informes sobre que o proxecto descargouse en folios co emblema do Concello de Culleredo cando está asinado por unha técnica que non forma parte da plantilla do Concello de Culleredo, considerando que a imaxe corporativa do Concello merece un respecto; que non vai incidir máis na recomendación que fai o arquitecto municipal sobre os materiais pero si nunha cuestión tamén referida nos informes que di que na zona referida non se admitirán outras edificacións que as propias do uso, tales como kioscos, pequenos restaurantes, porches ou zonas cubertas para a protección da chuva, instalacións deportivas sempre que sexan de uso público, bibliotecas públicas, etc, polo que non vai dicir que alí non se poida facer un parque pero lle sorprende que habendo outras posibilidades que se escolla esta.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que con respecto ao informe da Secretaría hai que ter en conta que propón facer unha revisión de prezos a el parécelle totalmente procedente esta recomendación pois analizando apartados do anexo de custos no punto de mobiliario e cerramentos relaciónanse por exemplo unha unidade de



Código do documento	Código do expediente
USG13I00Z3	USG/2019/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
481L 5W3X 5C1T 1Z2G 0Q3G	

subministro e instalación de tirolina por importe de 17.000 euros ou dúas unidades de tobogáns por 75.000 euros, sen que se desenvolvan estes importes parecendo que non se quixera ser claro; que o custo é desmesurado, sendo o máis elevado nun só proxecto de todos os que el viu en Culleredo nos últimos catro anos, podéndoo comprobar calquera accedendo ao perfil do contratante do Concello de Culleredo pois non hai ningún proxecto que ascenda a 450.000 euros nin que se lle achegue nunha soa obra, invitando a que se xunten os proxectos feitos nos últimos catro anos ata chegar á suma de 450.000 euros, co que se vería a cantidade de proxectos que se fan con esa cantidade, coa que se podería atender a múltiples proxectos que corresponderían a necesidades básicas que os veciños reclaman constantemente para mellorar Culleredo, e non dedicalos a unha obra que parece un capricho para competir non sabe ben con quen; que en Culleredo hai tirolinas que están sen mantemento, vendo hai pouco na Corveira que os cristais da cuberta do parque están rotos e seguen sen cambiarse ou que hai unha tirolina en Alvedro que non funciona ou que ningún se acorda dela e outra en Fonteculler que bota longas tempadas sen funcionar por falta de mantemento.

Continúa a súa intervención e di que ademais dos inconvenientes de tipo técnico expresados polos funcionarios municipais e ser un investimento que non dá cobertura a necesidades básicas, hai outro impedimento máis que é que os propios veciños da Corveira non o queren e que recolleron firmas o que contradi o dito polo Sr. Alcalde sobre que o ten totalmente falado cos veciños, dicindo o Sr. alcalde nun pleno anterior respecto de obras en Fonte da Balsa que os veciños estaban contentísimos e cando o Sr. Chouciño lles pregunta ve que os veciños de Fonte da Balsa non están contentísimos nin os da Corveira tampouco, polo que considera que se debería recapacitar e retirar este proxecto para ver como se pode reorientar para incluír propostas que á veciñanza si lle sirvan, que llo di de corazón a todos os membros do equipo de goberno que ao ser o máis numeroso ten representación en maior número de parroquias que calquera outro grupo, preguntándolles se a eles non lles chegan as peticións dos seus veciños.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu grupo está de acordo na participación na 2ª Fase del POS pero non poden apoiar un dos proxectos que se presentan que é o investimento de case medio millón de euros no parque infantil na Corveira, sendo tres os motivos polos que non están a favor deste proxecto: o primeiro é que os veciños non queren este parque na súa zona e así o demostran as máis de 300 sinaturas que presentaron por rexistro a súa disconformidade con este proxecto, o segundo punto polo que non están de acordo é que lles parece desproporcionado, unha cantidade grande de cartos para investir nun parque de atraccións cando hai outras parroquias con necesidades esenciais para o día a día, e o terceiro punto é que non poden apoiar un proxecto que non conta con informes favorables nin de Urbanismo, do Arquitecto municipal, nin da Secretaría municipal; que o voceiro do equipo de goberno falou do informe do Arquitecto municipal como se non fora demoledor pero ao grupo político Popular si lle pareceu pois indica que os materiais que se usan non son os que se teñen que usar, que non se calculan velocidades de chegada pola lonxitude e as pendentes dos tobogáns, etc, solicitando ao equipo de goberno que non se precipite e que non propoña a aprobación deste proxecto para poder consensualo cos veciños.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que estes investimentos non son un capricho do equipo de goberno senón que foron consensuadas cos veciños, foron sometidos a participación e levados na campaña electoral polo que considera que está lexitimado levar a cabo este investimento; que ante os comentarios de que parece un importe desmesurado para a parroquia de Rutis di que non é o único investimento que se vai levar a cabo, que vai haber outros investimentos ademais deste parque infantil na zona da Corveira e que irán uns con cargo ao orzamento municipal e outros con cargo a outra serie de fondos como os EDUSI ou transferencias correntes de capital que se reciban doutras administracións públicas; que insiste en que os expedientes levan os informes suficientes de valoración e que as asistencias técnicas se levaron a cabo a través do correspondente expediente de contratación coas súas correspondentes memorias, informes, retencións de crédito e propostas de resolución; que o Arquitecto municipal indica unha dúbida acerca de se para a implantación deste parque infantil se debería facer a través dun instrumento de ordenación do territorio como é elaboración dun Plan especial, sendo esta unha cuestión puramente xurídica e non técnica, motivo este polo que ante esta dúbida do Arquitecto municipal se pediu un informe aos servizos xurídicos do Concello, para que informe ao respecto da necesidade ou non de redactar un Plan Especial tal como pregunta o Arquitecto municipal; que desde o punto de vista xurídico as normas que rexen a zona son as do Plan Parcial de Cordeda, publicado no Boletín Oficial da Provincia o 20 de decembro de 1993 e ao abeiro do que di o artigo 56 desas normas os servizos xurídicos do Concello conclúen favorablemente en base á ocupación deste investimento tanto en altura como en extensión, polo que entende cumpre con todos os requisitos, engadindo ademais que é urxente pois cre que é ao longo do día de mañá cando a documentación ten que estar presentada na Deputación; que para maior tranquilidade

Código do documento	Código do expediente
USG13I00Z3	USG/2019/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)  481L 5W3X 5C1T 1Z2G 0Q3G	

C.I.F. P-1503100-H

di que ademáis da responsabilidade que indudablemente ten a redactora do proxecto, os servizos de asistencia a municipios da Deputación filtrarán estes proxectos e asegura que o farán positivamente.

De seguido solicita de novo o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que quere aproveitar a súa quenda de réplica para insistir en que gobernar é priorizar e decidir, e que o equipo de goberno decide que o 90% dun plan de financiamento vaia dedicado a isto, solicitando que recapacite sobre estas prioridades para ver se a sensatez abre camiño; que o voceiro socialista di que esta é unha proposta consensuada cos veciños pero vese agora un escrito de máis de 300 veciños solicitando que esta obra non se leve a cabo; que se ben houbo unha noticia periodística no mes de maio na que xa aparecía unha das infografías que agora se poden ver, o que deixa claro que xa nese mes se coñecía este proxecto e se puido someter a información pública para que os veciños que quixeran puideran opoñerse ou facer achegas pero non se fixo, se actuou á calada, sen aclarar tampouco o tema de que se cortaron as árbores e non se repuxeron; que entre o público hai unha persoa das que se encargou de recoller as sinaturas do escrito que solicita non se leve a cabo este proxecto e solicita se lle dea voz para explicar; que no último pleno puideron ver como se facía un receso para pensar, para falar e para aclarar o necesario, para solicitarlle información aos funcionarios; que na sesión atópase o xefe de economía e facenda, e que se podería facer un receso para poder reconducir esta proposta; que se esta opción non lles gusta, tamén se podería deixar sobre a mesa e ir ao departamento de obras, onde seguramente haberá moitos proxectos enriba da mesa, obras de alcantarillado, proxectos de urbanización, etc, etc, podéndose redactar unha nova proposta e levala no día de mañá a un pleno urgente.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que son tres as cuestións que solicita: a primeira que lle dea voz aos veciños que se atopan no Salón, a segunda que se faga un receso para aclarar esta proposta, falar e retomar o pleno dentro dun momento, e terceira, no caso de que non se queira facer dito receso, que se someta a votación deixalo enriba da mesa durante vinte e catro horas e xa no día de mañá traer unha proposta nova para a súa aprobación.

Intervén a continuación o Sr. Alcalde-Presidente e di que pecha o debate, indicando que non van retirar este punto que considera debidamente debatido e argumentado polo equipo de goberno por que se trae a esta sesión, engadindo que nesa zona non se cortaron árbores, cortáronse mimosas contiguas aos edificios que houbo que cortar por mor dun temporal e que nesa zona hai eucaliptos que ás veces contan con perigo de derrubamento e hai que cortalos; que se se corta algunha árbore é porque o corta EMALCSA porque por debaixo pasan tubaxes que esixen que se corten; que as tirolinas estiveron paradas porque requiren materiais que veñen de fóra e que ás veces tardan pero que el ten fillos en idade de usar tirolinas e usan as que están no Paseo Marítimo e no polígono de Alvedro e funcionan polo que a información que aportou o Sr. Chouciño Garrido é totalmente errónea; que con respecto á participación proposta do cidadán presente na sesión di que non hai ningún problema en que participe polo conduto regulamentario e que xa falou con esa persoa para convocala a unha reunión na que se lle explicará todo o proxecto máis polo miúdo aclarándolle calquera dúbida que puidera ter.

Rematadas as intervencións, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a solicitude formulada polo Sr. Chouciño Garrido de deixar o asunto sobre a mesa, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Nove (9), dos/as Sres./as: García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: Once (11), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández.

Á vista do resultado da votación declárase non aprobada a solicitude de deixar o asunto sobre a mesa.

De seguido a Presidencia someta a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 2 de setembro de 2019, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández.



Código do documento	Código do expediente
USG13I00Z3	USG/2019/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
481L 5W3X 5C1T 1Z2G 0Q3G	

Votos en contra: Seis (6), dos/as Sres./as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Abstencións: Tres (3), dos/as Sres./as: García Gorostizu, Rico Vereá e Prieto García.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 2 de setembro de 2019, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

3.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE APOIO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL Á CAMPAÑA #EMERXENCIAFEMINISTA.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, a moción do grupo político Popular, presentada no rexistro xeral do Concello o día 6 de setembro de 2019 (número 2019/10731), relativa a solicitar o apoio da corporación municipal de Culleredo á campaña #EmerxenciaFeminista, convocada polas organizacións feministas e a colaboración coas entidades convocantes, que é ratificada por unanimidade dos/as Sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

“O Grupo Municipal Popular solicita o apoio da corporación municipal de Culleredo á campaña #EmerxenciaFeminista, convocada polas organizacións feministas e a colaboración coas entidades convocantes, a través dos medios dos que dispón o concello mediante as seguintes accións:

1. Iluminar de violeta a noite do 20 de setembro a fachada do Concello ou a zona onde se realice a concentración convocada polas organizacións como mostra do compromiso na loita contra a violencia machista, así como prestar o apoio e soporte preciso para a organización da concentración/manifestación e que lle poida ser solicitada polas organizacións convocantes.
2. Pronunciamento público da corporación municipal contra os asasinatos machistas e contra toda forma de violencia contra as mulleres, contra a normalización da mesma, e contra a apatía e a indiferenza.
3. Posicionamento da corporación contra todas aquelas medidas, campañas e mensaxes que contribúan á xustificación da violencia de xénero, que promovan a súa minusvaloración ou cuestionamento así como das ferramentas normativas das que nos temos dotado para combatela. Non podemos permitir que teñan un espazo de poder quen non recoñece a violencia de xénero como un problema social, contra o que hai que loitar sen descanso dende tódalas instancias”.

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que a eliminación da violencia contra as mulleres é un reto de toda sociedade, unha carga conxunta que require unha actuación unitaria e a máxima coordinación, colaboración e cooperación en todas as accións que se desenvolvan e para iso necesítase un consenso institucional, político e social que amose sen fisuras o compromiso de todas as institucións coa sociedade para acadar os acordos que permitan avanzar na erradicación da violencia contra as mulleres; a concienciación social foi e é esencial para detraer o problema, motivos polos que o grupo político Popular solicita o apoio da Corporación municipal á campaña #EmerxenciaFeminista convocada por varias asociacións de mulleres co motivo das accións previstas para o 20 de setembro, atopándose entre as medidas que propoñen iluminar de violeta a fachada do Concello e prestar o apoio que poidan solicitar as organizacións convocantes, o pronunciamento público da corporación municipal contra os asasinatos machistas e contra toda forma de violencia contra as mulleres, contra a normalización da mesma e contra a apatía e a indiferenza, e o posicionamento da corporación contra todas aquelas medidas, campañas e mensaxes que xustifiquen esta forma de violencia; que contan co Pacto do Estado contra a violencia de xénero que debe axudar a seguir traballando en máxima coordinación, colaboración e cooperación entre todas as institucións e seguir



Código do documento	Código do expediente
USG13100Z3	USG/2019/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
481L 5W3X 5C1T 1Z2G 0Q3G	

concienciando á sociedade da necesidade de loitar contra esta lacra para entre todos conseguir erradicar totalmente a violencia de xénero.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que só quere facer unha puntualización xa que no terceiro punto faise referencia a violencia de xénero e no primeiro punto fálese de violencia machista, solicitando que se utilice sempre a expresión violencia machista para que o grupo político Alternativa dos Veciños poida votar a favor desta moción.

Seguidamente solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, responde ao solicitado pola Sra. Ferreiro Varela e di que non hai ningún problema en unificar a expresión e recoller na moción violencia machista en todos os puntos.

De seguido solicita o uso da palabra o concelleiro integrante do grupo político do BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, di que con todos os respectos aos redactores da moción desde o BNG pensan que é unha moción vacía de contido, moi xenérica, e que nos compromisos que buscan as institucións e nos representantes públicos parece que só está a iluminación dun edificio e no resto dos puntos cren que todos deben estar comprometidos xa por lei na loita contra a violencia machista, preguntando cales son as implicacións ou os compromisos máis alá da declaración de intencións; que a alerta feminista non é temporal e non vai cesar con edificios iluminados nin con camisolas de usar e tirar nin porque se cambien as fotos das redes sociais nin por ir un día a unha manifestación, senón que, como representantes públicos e desde as institucións a sociedade está a pedir moito máis, non estando á altura das mulleres que saíron á rúa o 8 de marzo para pedir o fin da violencia machista, sendo preciso ser moito máis esixentes cada un consigo mesmo e coas institucións nas que os representantes políticos representan á cidadanía; que na súa exposición de motivos a Sra. García Gorostizu falou do consenso institucional e do Pacto contra a Violencia de Xénero e se de verdade defendese ese tese o primeiro punto da súa moción debería ser condenar e deixar sen efecto calquera pacto de goberno con forzas negacionistas que aínda no día de onte, na televisión, dicían a viva voz que a violencia machista non existía e que, mentres máis dunha dúcea de mulleres morría no verán, os partidos nacionais limitábanse ao twitter, crendo o Sr. Méndez Mosquera que se debería ser moito máis esixentes e que hai leis, como a Lei 11/2007, do 27 de xullo, que está sen desenvolver por falta de medios, e a Xunta de Galicia está a suspender na avaliación de levar a cabo esa lei de prevención e tratamento integral da violencia de xénero; que tamén se suspende, e o di a Unión Europea, no cumprimento do convenio do Consello de Europa, o Convenio de Istambul sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica, en moitos ámbitos, desde a educación segregada por sexos, ata a asistencia ás mulleres que denuncian a violencia machista; que por todo isto cre que se debe aproveitar a oportunidade de dotar de contido á moción e o BNG fai unha proposta de emenda de engádega, pasando a continuación a ler os puntos 4, 5 e 6 da emenda.

Transcríbese a continuación a emenda presentada polo grupo político do BNG, de data 11 de setembro de 2019:

"Vista a moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular sobre apoio da Corporación Municipal á campaña #EmerxenciaFeminista para a súa discusión no Pleno, o grupo municipal do BNG de Culleredo presenta a seguinte

PROPOSTA DE EMENDA DE ENGÁDEGA

4. Comprometerse a aplicar un incremento dos recursos económicos destinados á prevención e loita contra a violencia machista no vindeiro exercicio económico.
5. Demandar do goberno central:
 - a) o incremento cando menos no dobre das contías destinadas á administración local para a prevención e loita contra a violencia machista para o vindeiro exercicio económico, procurando os mecanismos legais oportunos para garantilos con independencia da situación política estatal e da existencia ou non de novos orzamentos.
 - b) a reformulación dos criterios de reparto de fondos estatais para que se teñan en conta as especificidades do noso país como son a dispersión, o alto número de entidades de poboación e o avellentamento para que Galiza deixe de estar discriminada a ese respecto.



Código do documento	Código do expediente
USG13I00Z3	USG/2019/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
481L 5W3X 5C1T 1Z2G 0Q3G	

- c) impulsar as medidas oportunas para deixar de incumplir o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica (Convenio de Istambul).
6. Demandar da Xunta de Galiza:
- a) Un incremento substancial dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero que, como mínimo, deben situarse no 1% dos orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2020.
- b) Deixar de incumplir a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, comprometendo os recursos persoais e económicos necesarios para paliar os efectos negativos do seu incumplimento e da política económica aplicada durante a década Feijoo."

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que esta é unha moción que presenta un determinado movemento, concretamente o movemento de representación feminista, para que se aprobe en todos os concellos e que o ideal sería que este tipo de mocións se consensúen e se poidan facer institucionais co apoio de todos os grupos; que o equipo de goberno tiña pensado presentar esta mesma moción e non o fixo porque esta é unha sesión extraordinaria e contaban con presentala no vindeiro pleno ordinario pero o certo é que non é posible pois a campaña é o 20 de setembro e non hai tempo polo que se trouxo a este pleno extraordinario; que insiste que entenden que o idóneo sería consensual e que fora aprobada por todos os grupos pero que de todas formas o grupo socialista vai apoiar esta moción co contido con que se presenta pois o considera suficiente para que poida ser aprobada.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que, respondendo ao compañeiro do Bloque, o grupo político Popular non pode aceptar a proposta de emenda de engadega pola crítica que está a facer ao traballo da Xunta de Galicia cando no ano 2019 a dita Xunta conta co orzamento máis grande da historia para traballar en prol da igualdade e na loita contra a violencia de xénero, vinte e cinco millóns de euros dos cales catorce millóns son exclusivamente para violencia machista.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político Popular, coa modificación proposta polo grupo político Alternativa dos Veciños, resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres/as concelleiros/as asistentes á sesión polo que devén en acordo nos seguintes termos:

"O Grupo Municipal Popular solicita o apoio da corporación municipal de Culleredo á campaña #EmerxenciaFeminista, convocada polas organizacións feministas e a colaboración coas entidades convocantes, a través dos medios dos que dispón o concello mediante as seguintes accións:

4. Iluminar de violeta a noite do 20 de setembro a fachada do Concello ou a zona onde se realice a concentración convocada polas organizacións como mostra do compromiso na loita contra a violencia machista, así como prestar o apoio e soporte preciso para a organización da concentración/manifestación e que lle poida ser solicitada polas organizacións convocantes.
5. Pronunciamento público da corporación municipal contra os asasinatos machistas e contra toda forma de violencia contra as mulleres, contra a normalización da mesma, e contra a apatía e a indiferenza.
6. Posicionamento da corporación contra todas aquelas medidas, campañas e mensaxes que contribúan á xustificación da violencia machista, que promovan a súa minusvaloración ou cuestionamento así como das ferramentas normativas das que nos temos dotado para combatela. Non podemos permitir que teñan un espazo de poder quen non recoñece a violencia machista como un problema social, contra o que hai que loitar sen descanso dende tódalas instancias".

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

A Presidencia pregunta aos membros da Corporación se teñen que facer algún rogo ou pregunta, solicitando o uso da palabra a voceira do grupo político Alternativa dos Veciños quen, unha vez concedido, di que quere facer unha pregunta moi concreta en relación coas obras de aparcamento que se están a facer en Pablo Picasso; que todos saben que nesa zona hai un problema serio de aparcamento dado que é unha zona de moito ambiente de hostelería



Código do documento	Código do expediente
USG13I00Z3	USG/2019/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
481L 5W3X 5C1T 1Z2G 0Q3G	

e os veciños da zona, especialmente aqueles que non contan con garaxe, teñen unha dificultade grande para aparcarse que lles complica moito a vida do día a día; que agora dubida pero cre que se lles dixo aos veciños que ían ter máis aparcamento e pregunta por que o goberno municipal, á vista do problema existente, non fai que se cumpra a ordenanza municipal de mobilidade con respecto a unha empresa que continuamente ten os seus coches aparcados, algo notorio e evidente sobre o que o goberno municipal non toma medidas.

Responde o Sr. Alcalde-Presidente e di que nesa zona fíxose un reaxuste, para mellorar a seguridade dos peóns, dos coches que aparcaban en Pablo Picasso e non se perden prazas de aparcamento; que o que se falou no seu día nunha reunión que se tivo coas comunidades de propietarios dos veciños foi que no futuro está proxectado facer un aparcamento nesa zona; que con respecto ao manifestado sobre o incumprimento da ordenanza de mobilidade, di que vai pedir novamente un informe ao respecto pois as comunicacións que tiña anteriormente dicían que non incumprían a dita ordenanza.

Intervén a continuación a Sra. Ferreiro Varela e di que o incumprimento vén xa porque se se pasa un certo día sen mover o coche e puidera ser que un coche normal pasara desapercibido pero cando se trata dunha ringleira de coches dun mesmo establecemento ou negocio é evidente, ofrecendo ao Sr. Alcalde fotos por meses ou por días nas que se pode ver que non se moven ditos vehículos.

De seguido solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político do BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, di que lle gustaría facer unha pregunta con respecto a un tema que neste momento en que vai iniciar o curso está moi vixente e aparece en todos os medios, pois hai un escrito dirixido a todos os grupos que se presentou hai xa semanas e se reclamou tamén na comisión correspondente e aínda non o teñen, polo que solicita se lles entregue o documento presentado por unha plataforma de veciños dirixido a todos os grupos políticos municipais reivindicando un novo instituto de educación secundaria na área rural de Culleredo.

Responde o Sr. Alcalde-Presidente e di que na Xunta de Voceiros xa se falou sobre este tema e desde a secretaría da Alcaldía lle dixeran que o dito escrito está remitido por correo electrónico desde o pasado luns aos voceiros dos distintos grupos políticos municipais, pedindo tamén desde a concellaría de Educación un informe técnico para complementar a dita solicitude.

Responde o Sr. Méndez Mosquera e di que ao seu grupo non se lle remitiu, intervindo neste intre tamén a Sra. Ferreiro Varela para confirmar que ao seu grupo tampouco lles chegou o dito documento.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente e di que vai preguntar que pasou e llo comunicará, pedíndolle disculpas polo ocorrido.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que ten varias cuestións e que quere empezar por unha relativa a disciplina urbanística pois viron días atrás denuncias de particulares por un local de hostelería e o grupo do BNG ten reclamado xa varias veces que o servizo de disciplina urbanística funcione comentando varios asuntos e parece que só funciona a instancias de particulares, o cal quere dicir que non funciona; que curiosamente no debate que antes houbo sobre o plan da Deputación viuse un informe que contradecía ou desmontaba o informe do arquitecto municipal e non se trataba dun informe xurídico do servizo de Urbanismo, pois esa praza, que formaría parte dese servizo de disciplina urbanística, leva anos sen cubrir, unha praza que se podería ter cuberto a pesar das limitacións ás contratacións de persoal polas administracións públicas, solicitando se estudie este tema e se cubra esta praza pois considera algo prioritario contar con esa figura para que o Concello de Culleredo conte cun bo servizo de disciplina urbanística.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que a segunda cuestión que trae é a pregunta de por que non hai noticias da liquidación do contrato de concesión da Garrocha, pois aprobouse inicialmente a resolución do contrato pero non se fixo a liquidación e non saben por que o arquitecto municipal non accedeu para facer a valoración do deterioro; que a terceira cuestión é sobre a venda da parcela que rodea o edificio de Vila Lucinda, onde ten a sé a policía municipal, atopándose nun portal web de subastas nun concurso de acredores, sabendo xa

10 de 12



Código do documento	Código do expediente
USG13I00Z3	USG/2019/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
481L 5W3X 5C1T 1Z2G 0Q3G	

que isto ten unha explicación desas complexas, de tipo urbanístico, seica resultado dunha xunta de compensación, e resultando que a dita parcela é de múltiples propietarios e onde o Concello ten unha parte, propoñendo ao Sr. Alcalde que intente poñerse de acordo cos propietarios e facerse con esa parcela para non ter o edificio prantado nunha parcela na que unicamente se ten unha servidume de paso; que unha cuarta cuestión é referida a queixas da veciñanza por un pub que hai no número 13 da rúa Anxo Senra pois seica chamaron múltiples veces á policía local para que se apliquen as ordenanzas municipais de ruidos e horarios e hai varios meses que están tendo moitas molestias por horarios, ruidos, etc., e non se sabe que pasa co control das ordenanzas municipais, pregándolle ao Sr. Alcalde que tome cartas no asunto e que exerza a súa autoridade para que a veciñanza poida conciliar o seu descanso, a súa vida diaria, cos negocios de hostelería que deben coñecer as súas obrigas cando abren os establecementos.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño e di que a seguinte cuestión é referida ao mantemento da biomasa nas súas distintas vertentes: a primeira respecto das franxas forestais xa que este ano había unha data no plan da Xunta que era o 31 de maio na que os concellos lles tiñan que informar á veciñanza de que tiñan que cumprir a Lei de Montes e a pesar do plan da Xunta e de que aos concellos só se lles pediu colaboración non chegou a executarse; que por un prezo de 35 euros por cada 1000 m2, un prezo moi por debaixo do prezo de mercado, a Xunta usaba os seus medios e os veciños podía acollerse á limpeza de franxas forestais; que concellos como o de Carballo, municipio da mesma poboación que Culleredo, gobernado polo BNG, fixérono e a acollida veciñal foi impresionante e o resultado enormemente positivo, preguntando se o Concello de Culleredo, agora que pasou ese prazo, ten un plan B; que a segunda é sobre o cumprimento da ordenanza municipal de limpeza de biomasa pois consta a todos e ao goberno municipal máis que a ninguén, que hai múltiples peticións ao Concello para facer cumprir o que establece a ordenanza en parcelas próximas ás súas casas, dereito recollido nas ordenanzas, respondendo moitas veces o Sr. Alcalde que é obriga dos particulares e que é unha tramitación moi longa pero para que algún día remate un trámite hai que empezalo sendo a cuestión que hai peticións feitas xa desde fai anos; que ademais, nun pleno de data 29 de xuño de 2017, o Sr. Sacristán fixo un informe que dicía "Creemos necesario unha modificación da Lei que faga posible incrementar as contías das sancións, acurtar os prazos e regular a entrada nas propiedades que non cumpran para a máxima efectividade da Lei. Todos os Concellos de Galicia estamos na mesma situación e é unha queixa unánime de todos posta en coñecemento da Fegamp na última reunión do Consello"; que o informe do que se deu conta no dito Pleno dicía tamén que o custo dese proceso estaba a ser importante, que os concellos non teñen axudas, que o proceso de prevención dos incendios non está suficientemente valorado, etc; que na lei de acompañamento dos orzamentos da Xunta do 2018, aprobada no 2017, aprobáronse medidas neste sentido en donde si se daban estas facilidades polo que o que estaba pedindo o anterior alcalde agora si o hai sendo, sen embargo, a situación a que se vén de transcribir, debendo esixirle tamén aos terceiros o cumprimento das súas obrigas, tal como establece a ordenanza de xestión de biomasa aprobada no pleno; que se se sae do Concello pola parte leste do aeroporto pódese ver que é un monocultivo de herba da pampa con gran perigo de incendio, sabendo o Sr. alcalde que hai instrucións compartidas pola Reserva da Biosfera de como se debe limpar a herba da pampa, considerando que aí o aeroporto debería tamén colaborar, ao mesmo que Fomento, sendo impresionante a irresponsabilidade que se ve tanto das administracións públicas a nivel estatal como da administración local.

Intervén de seguido o Sr. Alcalde-Presidente e di que desde o servizo de Medioambiente cúmprense totalmente os requisitos que marca a lei; que seguramente se el estivese no sitio do Sr. Chouciño Garrido falaría exactamente igual pois lle gustaría que se puidera entrar antes nas fincas e facer cousas que neste momento non se poden facer pois non se pode entrar nas fincas cando un quere e, respecto dos convenios que se asinan coa Xunta de Galicia, di que hai diferentes modelos para adherirse según as preferencias e conveniencias de cada concello pero hai que respectar a data de caducidade dos mesmos e mentres non remate a duración dun asinado non pode o Concello adherirse a outros, falándose xa nas reunións que se mantiveron coa Xunta, en Montes, da necesidade de axilizar todo este proceso e buscar solucións para as brigadas e demais cuestións; que o Concello de Culleredo está preocupado por esta situación e lle gustaría facer as cousas máis rápido sobre todo politicamente pero hai escollos que non o permiten pois ás veces hai fincas nas que xa se vai entrar e aparece un papel presentado por un veciño que obriga a demorar a entrada un mes máis, non sendo só Culleredo a vítima desta situación pois ocorre en todas partes.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político Popular, Sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que a raíz do tema dos incendios tócalle actuar unha vez máis como voz dos veciños pois tal como manifestou o compañeiro do Bloque lévase tempo e tempo discutindo sobre este tema, xa co anterior alcalde, e a



Código do documento	Código do expediente
USG13100Z3	USG/2019/159
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
481L 5W3X 5C1T 1Z2G 0Q3G	

pesar de que o seu grupo coñece perfectamente a lexislación, o que non coñecen tan ben son as obrigas do Concello pois se ben se di que a partir do 31 de maio non se pode instruír un expediente, comenta un titular de prensa que di “yo paciencia tengo, pero se cae na maleza unha colilla...”, un titular do venres, 10 de agosto de 2018, un veciño que leva cinco anos pedindo que se desbroce a finca, desbrozando cunha intervención municipal a zona limítrofe de valado con este veciño e deixaron todo o resto da a finca sen desbrozar, entendendo que nin o actual alcalde nin esta Corporación teñen culpa, pois foi unha actuación na lexislatura anterior; que con respecto ao incendio que houbo no Polvorín no que agradece a presenza do alcalde pero lle parece recordar que a Xunta de Galicia si puxo medios a disposición do Concello, tanto brigadistas, como componentes e motobombas, e tanto Arteixo, como Abegondo, A Coruña, e demais concellos limítrofes coa zona si dispoñen destes medios pois así o solicitaron e lle gustaría que Culleredo tamén dese un paso adiante e retomase contacto coa Xunta para solicitar estes medios

Responde o Sr. Alcalde e di que o pode estar de acordo con moitas das cuestións que se presentan pero non se pode facer demagogia disto e hai que tratar con moito tacto este problema pois o que está claro é que hai un pirómano recorrendo o municipio de Culleredo ao que lle encantan este tipo de noticias; que el nunca debatiu nos plenos cuestións relacionadas cos medios de comunicación e si estivo persoalmente desde o inicio do incendio ata o final, como sempre fixo cando lle foi posible e por sorte poucas veces, agradecéndolle persoalmente ata aos pilotos dos helicópteros estar no municipio de Culleredo e atender como atenderon aos veciños; que os brigadistas da Xunta teñen unha base en Celas, en Carral, na Estrada, en Ordes, etc, pero son empregados municipais e non poden pasar dun concello a outro; que o Concello ten que ser moi cauto á hora de asinar convenios con outras administracións porque cando o Concello de Culleredo fai un prego e contrata a un brigadista para que atenda o lume dentro do municipio, se se pasa dos límites do municipio xa xorden discrepancias sobre se está cuberto ou non, polo que é un tema para debatir sobre todo pola administración autonómica que preocupa moito a todos os alcaldes independentemente do color político que teñan, comentando que nunha ocasión volcou unha carroceta, afortunadamente sen feridos, pero se houbese feridos habería un grave problema pois a inseguridade xurídica que teñen eses contratos laborais está aí, e non poden pasar dos límites do Concello, sendo a administración autonómica gobernada polo Partido Popular a que pon as normas e propón os convenios aos concellos, ocasionando que se o Concello non se subscribe a ditos convenios pode haber un problema, e se se subscribe atópase sempre con reparos e informes desfavorables; que Culleredo si ten un convenio asinado coa Xunta pero aínda que non o tivera os medios están para axudar a toda a poboación e afortunadamente cóntase con catro helicópteros, cen brigadistas, policía municipal, garda civil, policía autonómica, veciños, protección civil, e todos, absolutamente todos, para atallar o lume, téndose que marchar xa ao día seguinte para outro sitio e vindo xa doutro, polo que se trata dun tema co que hai que ter cautela e se se fan debates hai que ser prudentes pois as leis hai que respectalas e se marca dez ou cincuenta metros para desbrozar non se pode ir máis alá, considerando que Culleredo está facendo todo o posible dentro dos escasos recursos con que conta.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas e trinta e oito minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe,
O Alcalde-Presidente
(asinado dixitalmente)

PASTOR NOVO, PILAR MAR
Secretaria Xeral
30/09/2019 13:09

